PLENO DO PARLAMENTO

20 de novembro de 2018
10.00 horas

Servizo de Asistencia Parlamentaria

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

Punto 1. Solicitudes de comparecencia 12

38089 (10/CPP-000083)
Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
..... 14

Punto 2. Textos lexislativos 15

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 19044, corrección de erros doc. núm. 21081, 10/PPLI-000003)
Publicación da Proposición de lei, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
..... 16

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)
..... 41

Punto 3. Mocións 50

3.1 40031 (10/MOC-000112)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)
..... 51

3.2 40050 (10/MOC-000113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 38782, publicada no BOPG nº 375, do 24.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)
.....55

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno.....58

4.1 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos
.....59

4.2 29816 (10/PNP-002188)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
.....63

4.3 30032 (10/PNP-002210)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018
.....68

4.4 33233 (10/PNP-002513)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
.....73

4.5 34769 (10/PNP-002615)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018
..... 77

4.6 35217 (10/PNP-002628)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1% do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018
..... 81

4.7 39495 (10/PNP-002940)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018
..... 85

4.8 39685 (10/PNP-002961)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018
..... 92

Punto 5. Interpelacións 98

5.1 27682 (10/INT-000892)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
..... 99

5.2 36087 (10/INT-001202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do

prezo da electricidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
..... 103

5.3 38227 (10/INT-001266)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos
..... 108

5.4 38579 (10/INT-001276)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca
Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
..... 111

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta 115

6.1 40153 (10/POPX-000115)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década
..... 116

6.2 40154 (10/POPX-000116)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios
..... 118

6.3 40155 (10/POPX-000117)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres
..... 120

Punto 7. Preguntas ao Goberno 122

7.1 40130 (10/PUP-000202)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural
..... 123

7.2 40132 (10/PUP-000203)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
..... 129

7.3 40096 (10/PUP-000200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
..... 133

7.4 40105 (10/PUP-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol
..... 136

7.5 36800 (10/POP-004348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
..... 140

7.6 37057 (10/POP-004372)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018
..... 144

7.7 38820 (10/POP-004548)
Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
..... 148

7.8 39173 (10/POP-004589)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018
..... 152

7.9 36641 (10/POP-004332)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
..... 156

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 20 de novembro de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de novembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencia

38089 (10/CPP-000083)
Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 19044, corrección de erros doc. núm. 21081, 10/PPLI-000003)
Publicación da Proposición de lei, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)
Publicación da Proposición de lei, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

Punto 3. Mocións

3.1 40031 (10/MOC-000112)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

3.2 40050 (10/MOC-000113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 38782, publicada no BOPG nº 375, do 24.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 23492 (10/PNP-001703)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

4.2 29816 (10/PNP-002188)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

4.3 30032 (10/PNP-002210)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

4.4 33233 (10/PNP-002513)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

4.5 34769 (10/PNP-002615)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018

4.6 35217 (10/PNP-002628)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1% do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018

4.7 39495 (10/PNP-002940)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

4.8 39685 (10/PNP-002961)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 27682 (10/INT-000892)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

5.2 36087 (10/INT-001202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

5.3 38227 (10/INT-001266)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

5.4 38579 (10/INT-001276)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca
Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 40153 (10/POPX-000115)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década

6.2 40154 (10/POPX-000116)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios

6.3 40155 (10/POPX-000117)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 40130 (10/PUP-000202)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural

7.2 40132 (10/PUP-000203)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018

7.3 40096 (10/PUP-000200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

7.4 40105 (10/PUP-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol

7.5 36800 (10/POP-004348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

7.6 37057 (10/POP-004372)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2018
Núm. 12233

de Hemodinámica as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018

7.7 38820 (10/POP-004548)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

7.8 39173 (10/POP-004589)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

7.9 36641 (10/POP-004332)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 13/11/2018 17:51:54

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

PARLAMENTO DE GALICIA

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Ángeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 38089(10/CPP-000083)

Direcci÷n Xeral de Relaci÷ns Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administraci÷ns Pýblicas e Xustiza, por petici÷n propia, para informar das actuaci÷ns para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xînero en Galicia

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
03 OUT. 2018
Núm. 38089

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 3 OUT. 2018
SAÍDA
Núm. 316

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar **"das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Galicia"** .

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 03/10/2018 13:06:13

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 19044, 10/PPLI-000003)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

19044(10/PPLI-000003)

Comisión promotora da proposión de lei de INL protección bosque autóctono

Proposición de lei de inicitiva lexislativa popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, 214, 21.11.2017

Publicación da correccións de erros, 223, 05.12.2017

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, 371, 16.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

De: Comisión Promotora da "PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS".

Asunto: Achega de documentación da "PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS"

Saúdos,

Pola presente achegámoslles, consonte á Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia., a documentación precisa para a admisión a trámite da "PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS". Esta documentación consta de:

- Texto articulado da Proposición de lei (Anexo 1).
- Documento xustificativo da iniciativa (Anexo 2).
- Relación de membros da Comisión Promotora e declaracións xuradas (Anexo 3)

Asemade, comunicámoslles que o enderezo para cursar as notificacións relativas á tramitación desta ILP é o seguinte:

ADEGA
Travesa de Basquiños 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela
Tel e fax: 981570099
E-mail: adega@adega.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 OUT. 2017
Núm. 19044

Compostela, 17 de outubro de 2017,

A Comisión Promotora,

Claudio Quintillán	Manuel Dacal	Virginia Rodríguez
Antonio Costa	Benito Andrade	Fins Eirexas
Xesús Rodríguez	Tania Gómez	Adela Figueroa
Xosé A. Pereira	Cosme Romay	Xosé Manuel Casal
Latino Rodríguez	Paulo Carril	

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar da importancia da superficie de monte en Galiza, por volta dos 2/3 do total do territorio, as políticas aplicadas desde a entrada en vigor do Plano Forestal (1992) non conseguiron compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido.

O devandito Plano Forestal cun horizonte de aplicación de 40 anos (2032) visaba unha extensión máxima do eucalipto dunhas 245.000 hectáreas. No primeiro Inventario Forestal Nacional (IFN I) de 1972/73, o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 hectáreas. Para o máis recente (IFN IV), realizado en Galiza no ano 2009, o eucalipto estendérase xa por 433.915 hectáreas entre masas puras e mixtas. A finais de 2016 a superficie de eucaliptais en Galiza podería superar xa as 500.000 hectáreas, duplicando a falta de 13 anos as previsións máximas do Plano Forestal de 1992. En proporción ao total do territorio, a especie cobre xa case o 17% de Galiza, mentres que en Portugal non chega ao 9%. A intensidade de ocupación da nosa terra é portanto dupla que no país veciño. Este dato chama a atención non só pola importante superficie que representa, senón tamén porque de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore.

Asemade, parte desta superficie está ocupada por eucaliptos fóra de ordenamento, isto é, asilvestrados ou ventureiros, que medran moitas veces despois de incendios como acontece con outras especies pirófilas. Asemade, nos últimos tempos unha nova especie de eucalipto, o *Eucalyptus nitens*, engadiuse aos plantíos, ocupando a espazos antes vetados para o *E. globulus*, dada a súa maior resistencia ao frío. O *E. nitens* foi considerado polo Comité científico de flora e fauna silvestres do Ministerio español do ambiente como unha *"especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas"*. Malia non estar formalmente incluído no Catálogo estatal de especies exóticas e invasoras, o *E. nitens* éo. En consecuencia, as administracións públicas deberían prohibir o seu cultivo en todo o territorio galego e poñer en marcha un plano de control e erradicación naquelas áreas nas que xa estea presente.

Este forte aumento do eucalipto vese favorecido por un modelo de explotación do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido. Tamén ten a ver co abandono agrario, o despoboamento e o declive do medio rural galego, caldo de cultivo para os lumes forestais, favorecidos pola mudanza climática e o carácter pirófilo das especies forestais empregadas.

Tamén a aplicación dunha Política Agraria Común (PAC), tanto por parte do goberno galego como español, que destrúe ás economías familiares en beneficio das multinacionais mediante a imposición de prezos ridículos sobre as producións agrarias e gandeiras, provoca o abandono do mundo rural e favorece a extensión do monocultivo de especies de crecemento rápido sobre as terras agrarias abandonadas.

A falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino de moitos montes e terras agrarias remate sendo o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo ás frondosas autóctonas, e finalmente o lume. Esta ocupación está a atinxir tamén aos espazos protexidos e ás terras agrarias, contravindo unha lexislación por veces demasiado permisiva e discrecional. Faise imperativo, xa que logo, aumentar as cautelas e clarexar as determinacións legais, garantindo o cumprimento das normas e abordando a recuperación dos usos orixinais e a rexeneración dos hábitats degradados por plantíos ilegais.

Constatamos tamén a escasa superficie ocupada polos montes de xestión pública. A vocación primeira destes espazos debería ser a conservación dos valiosos hábitats naturais, chave para ao amortecemento dos efectos do cambio climático, a conservación da biodiversidade e a redución do impacto dos lumes forestais. Malia ao aprobado no Plano Forestal de 1992, 25 anos despois seguimos sen contar cun inventario de masas de frondosas autóctonas, ferramenta fundamental para poder planificar non só medidas de conservación, senón tamén para deseñar estratexias de xestión que maximicen os beneficios do bosque autóctono.

Somos conscientes de que o aproveitamento forestal intensivo con especies alóctonas, pirófilas e de crecemento rápido comporta o deterioro de servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o mantemento das actividades económicas da nosa sociedade. Os monocultivos de pirófilas, quer para madeira, pasta ou biomasa (cultivos enerxéticos) inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes; na contaminación de terras e rías con agroquímicos e vertidos das celulosas; no empobrecemento da biodiversidade e no avanzo da erosión, provocando perdas económicas directas e lucro cesante. Este modelo forestal contribúe tamén a fosilizar importantes cantidades de recursos públicos através do PLADIGA -plano de loita contra o lume- que custa anualmente arredor de 150 millóns de euros.

Os modelos de aproveitamento do monte que apostan pola multifuncionalidade de usos, pola utilización das especies autóctonas, e polo mantemento dos servizos ecosistémicos que estas prestan á sociedade, deberían estar primados con incentivos directos e indirectos –exencións-, mesmo sen ter unha fin produtiva. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos beneficios a aquelas comunidades e propietarios/as que apostan pola súa conservación e aproveitamento sustentábel.

Tendo en conta estas consideracións e dado o peso territorial do monte galego, faise urxente adoptar as seguintes medidas para garantir a súa xestión sustentábel e a adaptación aos retos do cambio climático:

CAPÍTULO I. DOS PRINCIPIOS REITORES DA XESTIÓN DO MONTE

Artigo 1.
Os instrumentos de ordenamento e xestión dos montes, independentemente da súa titularidade, terán como principios reitores a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos que prestan os montes galegos e a sustentabilidade económica e social.

Artigo 2.
As administracións públicas contemplarán como unha prioridade o incremento da xestión pública dos montes, mediante merca ou convenio cos propietarios de montes particulares ou convenios de xestión cos titulares dos montes veciñais en man común. Para tal fin, a Xunta de Galiza dotarase das partidas económicas precisas nos orzamentos anuais. Estes montes así xestionados adicaranse fundamentalmente á conservación, á investigación e ao uso social.

CAPÍTULO II. DA TITULARIDADE E DA XESTIÓN DOS MONTES

Artigo 3.
Os montes veciñais en man común, como xeito singular de xestión que forma parte do patrimonio económico, social e cultural de Galiza, serán recoñecidos e protexidos como unha titularidade distinta da pública e da privada. Garantirase en todo caso a súa inalienabilidade, inembargabilidade, indivisibilidade e imprescritibilidade e non estarán suxeitos a ningunha contribución de base territorial ou empresarial. Impedirase tamén que a súa xestión forestal poida cederse directa ou indirectamente a particulares e entidades privadas.

Artigo 4.
A Xunta de Galiza fomentará e favorecerá o asociacionismo e a agrupación de propietarios forestais prioritariamente através da figura das UXFOR (Unidades de Xestión Forestal). Asemade facilitaralles asesoramento, formación e apoio técnico mediante persoal adecuado, ás asociacións de propietarios e ás xuntas veciñais sobre as millores técnicas de xestión integral e sustentábel dos seus montes.

CAPÍTULO III. DA FORESTACIÓN E DOS APROVEITAMENTOS DAS ESPECIES ALÓCTONAS

Artigo 5.
Establécese unha moratoria indefinida para novos plantíos de especies do xénero *Eucalyptus* en todo o territorio galego. A administración galega fomentará a realización de estudos para avaliar os impactos desta árbore sobre os hábitats naturais e os servizos ecosistémicos que estes espazos prestan á sociedade. En base esta información, estableceranse as características e condicións para o aproveitamento desta especie.

Artigo 6.
1. Prohíbese o cultivo do *Eucalyptus nitens*, e das especies do xénero *Acacia*, *Robinia*, *Pawlonia* e da subfamilia Bambuseae. A administración establecerá medidas para a progresiva erradicación destas especies en todo o territorio, con especial atención aos espazos naturais e ás terras agrarias ou con vocación agro-gandeira.
2. Prohíbense as repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais.
3. Prohíbense as repoboacións forestais en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Artigo 7.
Prohíbese o cultivo e as repoboacións con todas as especies do xénero *Eucalyptus* nos espazos integrantes da Rede galega de espazos protexidos, establecida pola Lei 9/2001 de Conservación da Natureza ou norma que a substitúa.

Artigo 8.
En repoboacións en coto redondo a partir de 1 hectárea de eucalipto e 4 para coníferas e frondosas, establécense as seguintes porcentaxes de reserva ecolóxica para bosque nativo: 30% para eucaliptais, 20% para coníferas e 10% para frondosas e caducifolias.

Artigo 9.
Nas superficies repoboadas con *Eucalyptus* o marco de plantación mínimo será de 4x4m e o 20% da superficie plantada con esta especie deberá ter un ciclo de corta superior aos 30 anos.

Artigo 10.
Para garantir a ruptura da continuidade das masas forestais monoespecíficas de eucaliptos e piñeiros, establécense as seguintes faixas de separación nas que deben estar ausentes estas especies:
-100 metros cada 50 hectáreas de eucaliptos.
-50 metros cada 50 hectáreas de piñeiros.

Artigo 11.
Prohíbense os cultivos enerxéticos forestais, entendidos como tales as plantacións arbóreas e arbustivas con destino á produción de electricidade e de combustíbeis, en turnos de corta menores de 10 anos. En todo caso, o marco de plantación non debe ser inferior a 4x4 metros.

CAPÍTULO IV. DA REXENERACIÓN DAS ÁREAS OCUPADAS POR PLANTACIÓNS FORESTAIS NON PROCEDENTES

Artigo 12.
A Xunta de Galiza promoverá un programa de redución progresiva da superfcie ocupada polo eucalipto, orientando as terras mediante o axeitado planeamento consonte aos principios recollidos no artigo 1.

Artigo 13.
A administración galega iniciará con carácter urxente un programa de erradicación dos eucaliptos e das especies citadas no artigo 8 daqueles espazos que integran a Rede galega de espazos protexidos.

Artigo 14.
A administración iniciará de oficio un programa control e erradicación das plantacións forestais que ocupen terras agrarias ou con vocación agro-gandeira ou incumpran as distancias mínimas fixadas nas normas vixentes, sen prexuízo das sancións administrativas que correspondan. Fomentarase a incorporación destas parcelas ao Banco de Terras.

Artigo 15.
Os propietarios de parcelas nas que medraron como ventureiros ou fóra de ordenación exemplares de eucaliptos e de especies sinaladas no artigo 8, así como nas masas mixtas con frondosas caducifolias autóctonas, estarán obrigados a retiralos. Estas actuacións poderán ser realizadas pola administración con carácter subsidiario.

CAPÍTULO V. DAS MEDIDAS DE MITIGACIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

Artigo 16.
Medidas para a redución do risco de incencios nas operacións forestais:
a) Os restos de corta, podas e clarexos deberanse retirar unha vez rematados os traballos nun prazo máximo de 15 días.
b) Aquelas plantacións de eucalipto que superados os 3 aproveitamentos fiquen en situación de abandono, deberán ser retiradas polos seus propietarios para reducir o risco de incendio.
As administracións poderán realizar con carácter subsidiario estas actuacións.

Artigo 17.
Co obxectivo de amortecer os riscos e os eventuais efectos dos incendios forestais, as redes secundarias de xestión da biomasa establecidas consonte o artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, terán unha anchura de 100 metros, estando ausentes dos primeiros 50 metros as especies citadas na disposición adicional terceira da antedita norma.

Artigo 18.
As distancias mínimas que deben respectar as novas plantacións forestais (Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia), serán as que se recollen na seguinte táboa:

a) Con parcelas forestais	4 metros en caso de frondosas do anexo 1, e 6 metros no resto de especies
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especies

c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 30 metros no resto de especies
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 15 metros en xeral, e 25 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros as especies frondosas do anexo 1 e 25 metros para o resto das especies
g) Con canles fluviais	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especies
j) Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 100 metros para o resto de especies

Artigo 19.

A administración galega potenciará os aproveitamentos diversos do monte facendo especial fincapé uso do pastoreo e a gandería extensiva como elemento natural de desbroce e prevención de incendios forestais.

Artigo 20.

Para minimizar a afección ao patrimonio histórico e arqueolóxico do labores forestais e dos incendios, establécese para as plantacións forestais con carácter xeral unha faixa perimetral de exclusión de 25 metros, e nos seguintes 25 metros un marco mínimo de plantación de 6x6 arredor destes elementos. No caso de elementos maiores como castros ou conxuntos etnográficos e arqueolóxicos, unha ordenación específica poderá dispoñer, en función das súas características, un perímetro de exclusión maior.

Artigo 21.

O PLADIGA, Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galiza, terá carácter anual e aprobarase no último trimestre do ano anterior ao de aplicación.

CAPÍTULO VI: DAS MEDIDAS DE FOMENTO DO BOSQUE AUTÓCTONO

Artigo 22.
A administración galega realizará con carácter urxente o inventario de masas de frondosas autóctonas previsto no vixente Plano Forestal e incorporará as súas conclusións ás futuras planificacións.

Artigo 23.
Fomentarase o mantemento das masas de arborado autóctono e a silvicultura con madeiras de calidade (especies frondosas do Anexo 1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza). Con este obxecto, a Xunta de Galiza habilitará liñas de axudas e establecerá exencións fiscais e mesmo compensacións directas aos propietarios destas masas, mesmo sen teren unha función produtiva.

Artigo 24.
A administración galega apoiará as iniciativas de transformación das materias primas do bosque con especial atención ás pequenas e medianas empresas de transformación da madeira, á industria do moble de calidade, e ao aproveitamento doutros recursos do monte (artesanía e derivados, cogomelos, plantas medicinais, etc.).

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS:

Primeira.
Quedan derrogados aqueles aspectos da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, e da normativa sectorial de montes que se opoñan aos contidos da presente Lei.

Segunda.
Queda derrogado o artigo 2 (alínea c) e o artigo 61 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza.

Terceira.
Queda derrogado o Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

DISPOSICIÓN FINAL
A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación do Diario Oficial de Galiza.

Anexo 2

XUSTIFICACIÓN

A crecente inquedanza social pola imparábel estensión do eucalipto, que xa acada en Galiza máis de 500.000 ha, fai precisa dunha reacción por parte da cidadanía galega. A especie cobre xa case o 17% de todo o noso territorio, mentras que en Portugal non chega ao 9%. A intensidade de ocupación da nosa terra é por tanto dupla que no país veciño. Este dato chama a atención non só pola importante superficie que representa, senón tamén porque de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore, o que non deixa de ser unha anomalía.

A expansión do eucalipto vese favorecida por un modelo de explotación do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido, e acusa a continua presión do lobby pasteiro-enerxético para ocupar con novas especies como o *Eucaliptus nitens* (especie exótica e invasora) áreas anteriormente vetadas ao *E. globulus*.

A recente desregulación do sector da biomasa, trala derrogación do decreto 149/2008, vai ter un efecto chamada sobre os plantíos para queimar, nomeadamente de *E. Nitens*. O obxectivo do sector pasteiro-enerxético é estender o seu modelo de xeración eléctrica baseado nas grandes centrais térmicas de 50, 100MW, mediante os cultivos enerxéticos (plantar-queimar-plantar). Isto xa está a provocar unha nova vaga eucaliptizadora no país.

Tendo en conta que superfície agraria útil (SAU) na Galiza é de 8,4 ha por explotación, mentras que no estado chega ás 24,7 ha, e que nos dous últimos anos desapareceron no noso país unhas 1200 explotacións, estamos a falar de 10.000 ha que en grande parte teñen sido ocupadas polo eucalipto. Terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo e terreos rústicos de especial proteción agropecuaria que non poderían ser forestados, rematan inzados de eucaliptos perante a incapacidade das administracións.

As consecuencias sobre o agro, o monte e a sociedade galega son catastróficas: perda de soberanía alimentar; abandono do medio rural; reconversión das iniciativas produtivas vencelladas á terra en absentismo urbanita con rentistas do eucalipto desconectados do territorio... E no eido ambiental e patrimonial, empobrecemento da biodiversidade, perda de fertilidade, aumento da erosión, escaseza de auga, maior intensidade dos lumes forestais...

A lexislación actual (Plano Forestal, Lei de Montes, Lei de prevención e defensa contra os lumes, Lei da paisaxe, Lei de conservación da natureza, etc.) amósase insuficiente para atallar estes procesos de degradación. Faise imperativo, xa que logo, aumentar as cautelas e clarexar as determinacións legais, garantir o cumprimento das normas e abordar a recuperación dos usos orixinais e a rexeneración dos hábitats degradados, visando unha xestión sustentábel do monte e a súa adaptación aos retos do cambio climático.

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

